

## PLATAFORMA WEB DE ADOPCIÓN DE MODELOS ENERXÉTICOS INNOVADORES EN EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (MR331A FEADER 2022-029A)

Os resultados acadados ao longo da execución do proxecto foron os seguintes:

- Ferramenta web coa capacidade de integrar a potencialidade da información facilitada polos contadores intelixentes mediante a realización de simulacións horarias para a avaliación das medidas de mellora relacionadas co consumo eléctrico.

Incorpora tamén a nova normativa no ámbito das enerxías renovables e das novas tarifas eléctricas.

A ferramenta tamén incorpora os últimos avances tecnolóxicos en relación ás enerxías renovables (solar, biomasa, biogás, etc.) e eficiencia enerxética (tractores, sistemas de frío e calor, motores eficientes, sistemas de control, iluminación, etc.), e incorpora tamén as TIC e o concepto de explotación gandeira intelixente.

- Avaliación e asesoramento de 100 explotacións gandeiras lácteas de diferente tipoloxía en toda Galicia a través, por unha parte, datos xerais de cada unha das explotacións, como localización, produción gandeira (litros de leite producidos no ano, número de cabezas de gando produtor, número de becerros e vacas secas, consumo eléctrico (kwh/mes, custo), consumo de combustible agrícola (fonte enerxética, kwh/mes, custo); e, por outra parte, introducindo información de partida das explotacións agrupada nos seguintes bloques enerxéticos:

- Iluminación
- Enerxías renovables e xeración de electricidade
- Monitorización enerxética
- Labores agrícolas
- Producción AQS
- Arrefriamento
- Muxidura
- Ventilación
- Climatización
- Facturación eléctrica
- Limpeza de cortellos e aproveitamento

Toda a información identifica a tipoloxía de explotación de que se trata. A ferramenta incorpora calculadoras que teñen en conta a iluminación fotovoltaica, maquinaria agrícola, variadores de bomba de baleiro, optimización de potencia, comparador de tarifas, etc.

- Con toda a información anterior e as calculadoras introducidas, se temos en conta os parámetros e as variables para propoñer unha recomendación personalizada por tipoloxía de explotación, a ferramenta devolve un informe onde figuran os datos xerais da explotación e as recomendacións ao redor de cada un dos bloques enerxéticos para reducir o gasto de cada explotación.

- Formación de gandeiros sobre as vantaxes da instalación de enerxías renovables e actuacións de aforro

enerxético nas explotacións.

- Fomento do intercambio de experiencias e boas prácticas no ámbito da enerxía en explotacións gandeiras como resultado das actividades de formación e difusión.
- Caracterización dos sistemas enerxéticos existentes nas explotacións gandeiras galegas.
- Avaliación dos últimos avances tecnolóxicos en materia de enerxías renovables e aforro e eficiencia enerxética.